



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AGADER E OS CONCELLOS DE VEDRA E RIORTORTO PARA A MELLORA DUNHA INFRAESTRUTURA RURAL ORIENTADA Á MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA POBOACIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

DECLARA:

Que esta Axencia Galega de Desenvolvemento Rural formalizou cos concellos de Vedra e Riotorto cadanseu convenio para o acondicionamento de infraestruturas orientadas á mellora da calidade de vida da poboación.

Que o instrumento convencional tiña por obxecto establecer a colaboración entre as partes para realizar a posta en marcha de proxectos singulares que poidan afectar a elementos do ámbito da mellora da calidade de vida da poboación que farán do medio rural un lugar máis atractivo e polo tanto favorecerán a fixación da poboación no campo galego e mesmo do tecido produtivo, ao ser estas actuacións interesantes dende o punto de vista de posibilitar o acceso a servizos non existentes ata o de agora.

Que existía converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundamentábase no seguinte: Agader pretende colaborar na posta en valor e no desenvolvemento de infraestruturas de ocio e sociabilización entre os veciños, que para o rural debe de ser sen dúbida uns dos alicerces nos cales se deben soste as políticas de fixación de poboación durante os vindeiros anos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluían o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a formalización dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela

(asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

